

## Unha noite de Samaín na Silva...



Este ano fixemos o I Concurso de relatos de medo para celebrar o día do Samaín.

Tentamos que os relatos estiveran relacionados cos nosos contos tradicionais, pretendiamos fuxir das narracións típicas de asasinatos e intriga que nos venden a maior parte das películas americanas. Convidamos aos nosos rapaces a coñecer a nosa tradición tanto escrita coma oral. Houbo un gañador de 3º ESO e outro de 4º ESO. Aquí tedes o resultado.

### O APARECI DO DE TOÑO

Isto que vos conto ocorreulle a un curmán meu chamado Toño. El era un destes rapaces que sempre dicía que os contos dos mortos e dos espíritos eran todos mentira; opinaba que nunca ninguén vira nada e cousas así. Un día miña nai contoulle á súa que lle puxeran allos nun vaso con candeas ao seu redor e el dixo: “eso es una tontería y me estais poniendo de los nervios”; deulle un bo golpe á porta, marchou para o cuarto e pechou a porta con chave, como facía sempre.

Serían as 3:30 da mañá cando o Chuspi, un can de raza Yorkshire, que durmía cos pais de Toño, saltou da cama e comezou a ladrar escaleiras abaixo. Ninguén lle fixo caso, pero logo comezou a subilas pouco a pouco e ladrando coma un tolo. Entón Toño sentiu abrir a súa porta, espertou e viu diante da súa cama un home de pé mirando cara a el.

Toño comezou a chorar e gritar. O home saíu pola porta andando e baixou as escaleiras co can ladrando detrás del. Seu pai levantouse e baixou correndo, o Chuspi estaba ladrando e rascando na porta, pero esta estaba pechada.

Ao non ver nada foille preguntar a Toño que lle pasara, e el contoulle que había un home diante da súa cama mirando para el. Fixo unha descrición aproximada do que vira esa noite e seus pais non acabaron de crerlle o que el estaba contando.

Ao día seguinte un veciño avisoulle de que morrera un home. Foron todos ao velorio, seus pais entraron na sala onde estaba o defunto e Toño quedou fóra fumando un cigarro cos amigos. Cando quixo entrar, seus pais puxéronse na porta e non o querían deixar pasar porque o defunto correspondía coa descrición que fixera Toño a noite anterior. El conseguiu pasar igual e, cando o viu, decatouse de que era o home da outra noite e escapou a correr e a chorar.

Toño xa nunca volveu falar desas cousas nin de nada que se lle parecese.

## SANTA COMPAÑA



Esta historia ocorreu nunha vila galega que está preto da vila mariñeira de Rianxo, chámase Fruime. Nesta pequena parroquia, onde a maioría da poboación vivía do gando e non tiñan demasiados cartos, había tres familias que non se preocupaban polo tema económico, xa que os seus devanceiros estiveran na emigración e gañaran moitos cartos. Era unha parroquia de xente humilde e traballadora, pero tamén eran de moito darlle á lingua e chegaba que un dixera que Perico collera moza para que se soubese no outro lado da parroquia en cuestión de horas.

Como xa dixen, era unha parroquia onde se falaba, ou máis ben, murmuraban moito. Por aquel entón rumoreábase que o avó de Rosalinda (unha das rapazas desas familias ricas) estaba a morrer, pero claro, era só un ruxe-ruxe. Un veciño da parroquia, Pepe da Corna, foi apañar herba como todos os días, pero de alí a un pouco oíu tocar as campás de defunto. Pepe, como xa tiña os seus anos, sabía que esas campás anunciaban a morte dun home, porque eran dúas badaladas longas e unha curta. Pepe marchou a correr para a casa, quería saber a novidade e, en efecto, Rosendo, o avó de Rosalinda morrera. Nesta época, cando a xente morría, en vez de levalos ao tanatorio, quedaban na casa; pois ben, como esta familia era daquela maneira, só deixaron entrar na casa ás familias ricas. A xente, como é normal, enterraba aos defuntos no cemiterio, pero Rosendo xa había dous días que morrera e non lle fixeran enterro, nin funeral, nin nada.

Tamén había dous días que non se sabía nada de Pepe da Corna; a xente rumoreaba que estaba tolo, que lle dera unha volta a cabeza. Dous días despois, a unha veciña chamada María, déuselle por ir ver se Pepe estaba na casa, e así foi, Pepe estaba no seu cuarto coa escopeta na man. María estaba berrando:

-Pepe, Pepe!

Pepe saíu do cuarto e díxolle a María:

-Rapaza, sae de aquí ou levarache canda min.

-Quen, quen me levará?

-A Santa Compañía.

-Pepe, estasme asustando, tiñan razón, volvícheste tolo.

-Así que iso din, pois vouche contar: Un día, despois de que morrera Rosendo, fun coller as vacas ao prado, xa se fixera noite, recorda que estamos no inverno. Cando ía de volta cara á casa, as vacas asustáronse e comezaron a correr espavorecidas. Pensei que lles mordera unha serpe ou algo, pero nun intre comecei a oír unha campá e pareceume ver unha luz que se estaba achegando. Un ser, con algo parecido a un gabán, estaba alí diante cunha luz; detrás viñan unhas persoas cun ataúde cargado non ombreiros, todos levaban un gabán. Eu quedei paralizado e non me deu tempo a reaccionar. Cando

# NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



estaban pasando polo meu lado dixéronme:

-Hoxe levamos este home, pero o seguinte has de ser ti.

-Eu seguín paralizado e tardei en reaccionar, pero cando o fixen marchei espavorecido para a casa e púxenme a esperar coa escopeta ata agora.

-Ai oh, Pepiño!, se o que dis é verdade, é normal que esteas así.

-Non te preocupes María, se morre alguén antes ca min, has ir polos camiños buscar a Santa Compañía e mirala á cara.

Pasou o que pasa nas aldeas cando morre un, morren dous ou tres máis. O seguinte foi Xesús, o irmán de Rosendo. E, coma cando morreu o outro, non lle fixeron enterro nin nada. Pepe cumpriu a súa promesa e botouse aos camiños buscar a Santa Compañía e, como quen a busca atópaa, pois alí viña de fronte. Como lle perdera o medo foi cara a ela e díxolle:

-Lévame se queres, pero antes quero saber o que se agocha tras desa caparucha.

Quitoulla e... Era Diego, o fillo de Henrique, e Pepe díxolle:

-Estádesvos facendo pasar pola Santa Compañía?

-Pepe, a verdade é que a Santa Compañía non existe, a Santa Compañía é o que creamos os "ricos" para non ter que enterrarnos onda vós, os "pobres".

Pepe botou a correr para contarlles aos aldeáns o que acababa de descubrir pero, antes de que se dera conta, Diego deulle cun pau na cabeza e matouno. Días despois atoparon o corpo de Pepe nun camiño e a lenda da Santa Compañía quedou sen descubrirse.

MARCOS GONZÁLEZ CASTRO (4º A)



## E se transgredimos...?



***Despois de ler un relato pertencente á obra Contos infantís politicamente correctos de James Finn Garner, os rapaces de 4º ESO animáronse a facer transgresións literarias. Sabedes o que son? Son relatos nos que se emprega deliberadamente unha obra coñecida co propósito de provocar algunha resposta no lector. Aquí tedes algúns; se queredes ver os que fixeron os rapaces do curso pasado non tedes máis que visitar a páxina web do centro, animádevos!***

### O PATIÑO FE

Aquel verán, as aves anseriformes dos anátidos acordaran renovar as súas instalacións, véndose así na obriga de recorrer a novos métodos con mellores resultados que os convencionais. Deste xeito, a instalación do solo radiante no galiñeiro levarase a cabo, mais a solución aos ovos fritos non fora moi apropiada. O novo método de incubación empregaba elevados graos Celsius no seu sistema, influíndo así no desenvolvemento hormonal das crías das aves. A alteración producida vírase reflectida en todos os ovos, exceptuando un, dando lugar ao nacemento de espécimes comunmente relacionadas coa familia dos ránidos agás neste último, do cal saíra un sinxelo parrulo. O coitado non presentaba unha aparencia semellante á dos seus irmáns (lóxico ante a comparación dunha ra cun pato) dando lugar así á petición por parte de dona Pata dunha proba de ácidos desoxirribonucleico. Obviamente, as análises foran ben distintas, véndose obrigado desta maneira o noso protagonista a abandonar o que recoñecera coma lugar de nacemento. Camiñou e camiñou, cada vez con máis desesperación, pola busca dun novo fogar, ata que unha muller curtida polos anos lle ofreceu a súa hospitalidade. O pato, inconsciente do futuro que o agardaba, percatouse quizais tarde de máis das intencións da vella aquela, sen percibir tamén o predominante cheiro a polo asado no ambiente. Trala agresión por parte da descoñecida fulana armada cunha pota chea de auga fervendo e dun coitelo de cortar o xamón, o enxendro ovíparo perdera toda a súa (por denominala dalgunha maneira) indescribible plumaxe. Cunha gran depresión polo seu empeorado aspecto e necesidade dun psicólogo, conseguiu fuxir daquel inferno,



# NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



chegando así, logo de transcorridos uns días, a un fermoso estanque. Alí ficou abraiado, observando a todo ser flotante na auga dotado de dúas patas; fitando cara a aqueles cos que o resultado da proba de ADN o relacionara. Crédulo e feliz intentou establecer relación social con eses anxos, mais a súa ilusión viuse quebrada en mil anacos ao descubrir a reacción dos cisnes ante a súa persoa. "Racistas", foi o único que acertou a dicir o seu subconsciente antes de abandonar o estanque. Indignado, Fe Patoso non dubidou en dar parte cunha denuncia. Acaso ía tolerar que na sociedade actual (tan adiantada, na que a igualdade é existente e onde se defenden dereitos) se permita a segregación ou se estableza unha nova política de apartheid? Por suposto que non. Foi así, defendendo os seus ideais (que non é que foran moi atendidos e escoitados) coma esta sinxela ave conseguiu ser aceptada dentro do grupo dos cisnes, sendo o simple feito de facerse famoso suficiente motivo para crear expectación entre as demais aves, facéndose popular e creando novas tendencias polo seu particular look.

TERESA PÉREZ LOUSAME (4º B)

## A LEITEIRA

Érase unha vez unha moza nova que vivía nunha pequena aldea. Seus pais viviran toda a vida dos animais que tiñan na casa, pero agora que morreran, ela decidiu vender as dúas vacas que lle quedaban.

Ben se sabe que a cota de leite non está pasando o seu mellor momento e con isto da crise... total, que decidiu vender os animais para ir traballar á cidade.

Pero a moza pensou: antes de nada, vou vender o leite que me dean. Logo de muxir as vacas, colleu o leite para levalo na súa furgoneta ao mercado. Na estrada ía pensando que, con eses cartiños seríanlle abondo para mercar unha bonita tea, coa que faría un bonito traxe, co que se luciría na cidade.

As súas amigas desexarían ter un igual ou parecido, entón ela, traballaría facendo traxes e arranxos ata que os cartos lle deran para poder montar o seu propio negocio.

Collería tal fama, que logo tería unha chea de xente traballando baixo as súas ordes,

# NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



abriría un montón de tendas por todo o mundo!... Deixaría na bancarrota ao mesmísimo Amancio Ortega!

Ela sería a nova "ZARA", por dicilo dalgunha maneira.

Nese momento, despistouse coa furgoneta, que lembremos que ía conducindo, e, con tanto soño e tanta fantasía, tivo un accidente e esnafrou o vehículo.

O leite botouse a perder. Ela choraba da impotencia, xa que, sen leite non había tea, sen tea non había traxe, sen o traxe, as súas amigas non quererían os seus servizos e o peor... Inditex seguiría no seu posto e xa non sería competencia para Amancio Ortega e as súas tendas.

Ao final, as vacas vendeunas si, pero para facer fronte ao arranxo da furgoneta, que lle saíu por un ollo da cara.

A moza tivo que vivir toda a súa vida de labrega na aldea, por soñar e vivir nun mundo de fantasías.

NOELIA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ (4º A)

## BRANCANEVES

Érase unha vez unha monxa de clausura que se namorou completamente do cura da igrexa da vila. Como os dous estaban completamente namorados, decidiron casar clandestinamente e foron vivir ao castelo inmenso que o cura gañara xogando ao pocker. Un par de anos despois, a monxa deu a luz a unha nena un tanto fea (da que todos apartaron por ser tan á súa maneira), e a monxa morreu ao verlle a cara cando naceu.

A rapaza foi medrando e sendo cada vez máis fea, polo que cando cumpriu os dezoito anos quería facerse uns retoques no seu corpo e cara en corporación dermoestética; pero aínda non tiña a maioría de idade para facelo.

O pai de Brancaneves coñeceu a unha señora moi guapa da que logo se namorou e levou a vivir á mesma casa deles; pero Brancaneves e a súa nova madrasta non se caían moi ben.

Cando Brancaneves comentou a súa proposta para ir a corporación dermoestética, a madrasta e o pai botáronse atrás dicindo que iso custaría unha fortuna; e, mentres a rapaza durmía, seus pais collérona e deixárona abandonada no bosque, desfacéndose completamente dela.

X  
O  
G  
A  
I  
N  
A

# NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



Cando Brancaneves despertou tirada xunto a un penedo, decatouse de todo o que acontecera (xa que tiña unha nota ao seu lado que llo explicaba todo), e decidiu ir visitar a casa dos sete cirurxiáns do bosque, que lle farían a operación se quedaba alí a facerlles compañía.

Un par de semanas despois a rapaza atopábase irrecoñecible, logo de pasar polas mans dos sete cirurxiáns, polo que estes decidiron apuntala no concurso de "Miss Brancanevelandia".

Finalmente acabou gañando o concurso do guapa que era agora, pero, ao ver a recompensa, (ratos mortos xuntos con unllas de gato para facer unha sopa que tanto se levaba no momento), desmaiouse.

Despois dese momento, Brancaneves non sentía nin vía nada, ata que se lle achegou Leonardo Di Caprio para bicala e quedar con ela para sempre. Pero nese momento notou un incómodo pinchazo no brazo, era unha inxección que lle estaban poñendo; acababa de despertar no hospital logo de bater a cabeza ao desmaiarse.


LUCÍA PONTE MOLEDO (4º B)



X  
O  
G  
A  
I  
N  
A




## Máis caligramas...




X  
O  
G  
A  
I  
N  
A







X  
O  
G  
A  
I  
N  
A






# NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



O caligrama é un tipo de poema visual practicado por distintos autores literarios como Rabelais, Apollinaire e o máis contemporáneo e achegado a nós, Uxío Novoneyra. Os nosos alumnos tamén quixeron deixar fluír a súa creatividade.





## Creando "haikus"

O haiku é unha forma de poesía xaponesa que ten como características principais ser un poema breve sen rima, formado por 3 versos de 5, 7 y 5 sílabas respectivamente ou ben as 17 sílabas repartidas con outras combinacións. Trata xeralmente sobre a natureza, a realidade e o recibido polos sentidos, relatando o que está a suceder nese momento e lugar preciso e tendo ás veces unha palabra clave chamada kigo que indica a estación do ano á que se refire. Tamén adoita aproximar dúas realidades distintas a traveso da lírica ou mesmo do humor. Nel abundan os sustantivos.

Uxío Novoneyra inspirouse nesta forma poética para algunhas das súas composicións e os nosos alumnos e alumnas amosaron a súa creatividade nun concurso de haikus convocado polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística. Velaqui unha selección dos máis votados:

Vento de marzo,  
Lousame verdescente  
sostense sempre

M. Boullón G.

Montañas altas  
que aire más fresco  
un bo recendo

J.Martinez C.

Al dea grande de cor verde  
de altos e rocosos montes  
dende onde o mar se pode ver.

R. Freire R.

Gris e mollado  
e algodón esmolicado  
ceo en Lousame

L. Ponte M.

Reloce o trilo  
no lenzo do carballo  
sons dun verde luar.

T. Pérez L.

Lousame meu lar.  
Cultura e festas... Unha  
vida pra soñar

N. González R.

Verde e gris  
a herba que piso  
o ceo que miro

D. Paradela D.

Ríos, montañas  
engalanan de cores  
belas paisaxes

L. Vázquez R.

A Silva queda sen xente  
e a costa da sombra  
nunca está presente


Y.Martinez M.

A beleza de  
Lousame só se quita  
co cruel lume

M. Cruz M.

X  
O  
G  
A  
I  
N  
A

## A visita de Carlos Negro



O 10 de febreiro visitounos o poeta Carlos Negro para falar da súa obra e, meu dito meu feito, puxo enriba dunha mesa 86 coches de xoguete que simbolizaban os mozos menores de 30 anos que morreron nun ano en Galiza en accidente de tráfico. Deixounos un pouco sobrecollidos. Fixo isto mentres nos ía recitando os poemas do seu libro, que nos gustou aínda máis que cando o leramos nós.

Pero o que fixo esta visita diferente doutras foi que colaboramos con el e participamos activamente. Axudámoslle a recitar a ladaíña dos apaches e a cambio traía un agasallo para cada un de nós: un doce e un poema de amor que lles lemos aos demais compañeiros e que podemos mandar en SMS nas datas de San Valentín. Para rematar asinounos o libro a todos os que llo pedimos.





## ESPELLO NEGRO (autobiografía)

Nacín na vila de Lalín, terras de Deza, en outubro de 1970; da infancia, lembro a rúa da Cacharela, a casa dos avós (Avenida de Buenos Aires, nº 1), a droguería con louza Duralex e pintura Titanlux (antes da invasión dos supermercados), os caramelos de nata (a peseta a unidade), os debuxos de Mazinguer Zeta (¡fuego de pecho!), os partidos de fútbol nas leiras (previos á especulación urbanística), o cheiro concentrado a laca na perruquería "Romero" (onde miña nai lles facía a manicura ás señoritas).

Eu nunca fun un neno de aldea, mais a aldea entrou en min a través da casa de Agolada, avós paternos, estirpe de terra negra, muíño de fariña albeira, maquías e millo, tréqueles da Singer, a mesa de carpinteiro, as espadas de madeira, o banco comunal da cociña, a zorza e as filloas de sangue, o manto da chuvia na follaxe das parras, ño tambor das uralitas... Desa memoria tamén procedo, aínda que eu falaba castellano, porque era un nino bueno.

A finais dos setenta, nas paredes do colexio "Sagrado Corazón", aínda seguía pendurada unha reprodución do derradeiro discurso de Franco e do primeiro do rei de España; entre ambos textos, o fulgor obrigatorio dun crucifixo católico; daquela, sempre se rezaba pola saúde do Papa de Roma, sempre se cantaba no maio florido en honor a María Purísima, sen pecado concebida. E nós, coro de querubíns, carne de Primeira Comunión, netos da ditadura, fillos da transición, que felices marineritos na igrexa...

Esta e parte da súa autobiografía; se queredes ler o texto completo facede clic sobre esta dirección web:

[Http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor165](http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor165)

## Poetizándonos sen medo!




No primeiro trimestre, en 4 curso de ESO, lemos a antoloxía de poesía galega dende a Idade Media ata actualidade que Fran Alonso recolleu en Poetízate. O obxectivo era romper os tópicos que hai coa poesía e favorecer un achegamento ó xénero dado que na literatura do século XX que temos que abordar no programa temos moitos textos poéticos.

Propuxéronnos elaborar unha ficha de lectura na que había unha parte de interpretación e tamén unha parte de creación de textos.

Cos resultados das creacións propias e dos poemas lidos que máis nos gustaron elaboramos os taboleiros

Os poetas qui tiveron maior éxito foron Raúl Pato e Lupe Gómez, Antonio García Teixeira e Ramón Cabanillas.



X  
O  
G  
A  
I  
N  
A